

TRES AMIGAS

Emmanuel Mouret, 2024

1550

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2025 | V.O.S.E. | 118 min

Joan xa non está namorada de Victor e sofre por non estar a ser honesta con el. Alice, a súa mellor amiga, tranquilízaa asegurándolle que ela mesma non sente paixón pola súa parella Eric, e porén a súa relación vai vendo en popa. Alice ignora que el ten unha aventura con Rebecca, a súa amiga común.

«É o máis parecido a un Woody Allen da época dourada»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



Entrevista con Emmanuel Mouret: «A comedia e a traxedia entrelázanse constantemente»

Por Anne-Claire Cieutat

Tres amigas está impregnada dun novo sentido da traxedia, pero que se mestura con notas máis lixeiras, doces e suaves. O que quería facer con esta película era construír a historia arredor dun personaxe trágico (Joan), outras situacións e personaxes que contrarrestasen o estado de ánimo xeral e os puntos de vista dominantes encarnados polas súas dúas amigas (Alice e Rebecca). A dimensión trágica de Joan enraíza nos seus propios sentimentos e dilemas, así como nunha concepción do amor baseada estritamente na honestidade, unha virtude que ela antepón a todo. Por moito que queira a Victor, con quen vive, dáse conta de que, no fondo do seu corazón, xa non está namorada del. Ao revelarlle esta verdade, provoca unha ruptura que conduce a unha traxedia, xa que Victor morre nun accidente e Joan séntese culpable diso. Pero a película non é unha mero melodrama. A trama de Joan está conectada coa situación simetricamente invertida de Alice, para quen estar en parella non ten que ver coa paixón, que causa sufrimento, senón máis ben coa estabilidade e a seguridade. Todo iso permite un vaivén entre concepcións opostas, pero tamén entre diferentes tons. A terceira amiga, Rebecca, insegura tanto no amor como no traballo e en busca de máis estabilidade, ofrece outro punto de vista e un rexistro aínda máis azaroso. Creo que *Tres amigas* é unha comedia dramática, no sentido de que a traxedia e a comedia se entrelazan constantemente, de principio a fin.

A túa escritura ten unha forte musicalidade. Reúne diferentes tramas e fala do cambiante clima emocional que hai dentro de cada personaxe... O cinema no seu conxunto parécese musical, no sentido de que unha película é como música que ecoa a través do tempo, xogando cunha miríada de contrastes e repeticións que xeran certos efectos. Os contrastes poden provir de todas partes: do elenco, os escenarios, as atmosferas, os distintos ritmos etc. O contraste tamén se pode atopar nas percepcións dos personaxes, a forma en que se relacionan coa sociedade, cos seus desexos, así como nas súas expectativas, que poden verse frustradas ou cumpridas. As diferentes historias da película fanse eco unhas das outras, coma se fosen liñas melódicas que xeran contrapuntos. Estas tres amigas difiren non só nas súas ideas, senón tamén na súa forma de sentir a vida. Como espectador, gústame deixarme levar polos diferentes matices narrativos e pasar dun a outro. Así é como se estimula o pensamento, comparando historias entre si, sopesándoas, por así dicilo.

Podes contarnos algo sobre a orixe dos tres personaxes masculinos que rodean a estas tres mulleres? Víctor, o compañeiro de Joan, desaparece, só para reaparecer como unha pantasma. El é o narrador da historia. Víctor desenvolverá un profundo agarimo polos seres vivos que lle son queridos. O ton amable que mencionabas ten moito que ver con este personaxe e coa interpretación de Vincent Macaigne, que achega a Víctor gran parte da súa bondade. Thomas (Damien Bonnard) atópase nunha situación moi cruel. Ao axudar a Joan a «saír adiante» moralmente, namórase dela e cae preso dese amor. O que me gustou deste personaxe foi a configuración dos elementos que o achegaban a Joan: el tamén é profesor, de feito substitúe a Víctor no instituto onde adoitaba dar clases, vive no apartamento xusto enriba do de Joan, a súa filla lévase moi ben coa filla de Joan etc. En canto a Eric, está namorado de Rebecca, unha das mellores amigas da súa parella, Alice. Interesoume moito este efecto espello, no que cada membro dunha parella está convencido de que o outro está profundamente namorado, pero en realidade todos están a finxir!